



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA - INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o alcalde-presidente con data catro de maio de dous mil once, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 132 / 2011

Data decreto: 04/05/2011

Descripción decreto: Convocatoria e aprobación de bases para selección persoal laboral temporal peón Xacobeo.

DON JOSÉ IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vistas as bases para a selección de persoal laboral temporal dun peón financiado polo Xacobeo así como visto o informe de secretaria de data 04/05/2011.

En uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.-Proceder á convocatoria e aprobar as bases para a selección como persoal laboral temporal dun peón Xacobeo que se transcriben.

"BASES QUE REXIRAN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DUN PEÓN PARA O MANTENEMENTO DO CAMIÑO NORTE DE SANTIAGO NO CONCELLO DE BOIMORTO"

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal dun peón que teña a titulación sinalada nestas bases, para realizar as funcións que figuran descritas no programa de traballo elaborado pola Axente de emprego deste Concello en data 04/05/2011, a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función pública de Galicia e demais disposicións de pertinente aplicación.

Esta contratación (contrato de obra ou servizo de duración determinada) será a xornada completa e terá un período de duración desde a data da súa sinatura ata o fin do servizo que será coa execución do programa sinalado e temporalidade nel prevista.

O salario fixase por pacto individual no contrato en 748,30 euros brutos mensuais pagas extra incluídas.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requeridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instruccións dictadas pola Alcaldía.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos no artigo 27 da Lei 7/2007, pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro. Así mesmo poderán participar, en igualdade de condicións que os españoles, os extranxeiros con residencia legal en España.

b) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doença física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións, debendo aportar certificado médico da súa aptitude para realizar este tipo de traballo. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

c) Ter cumplidos os dezaseis anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no caso de que fose separado ou inhabilitado. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.

e) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 da Lei 7/2007 os seguintes:

a) Requisito de titulación:

.- Certificado escolaridade ou equivalente

b) Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego correspondente como desempregado/a .

c) Carnet de conducir B1.

d) **documentación a presentar xunto coa solicitude de participación; non obligatoria acreditación coñecemento do galego:**

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean na posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento de galego por non presentar méritos neste apartado será obligatoria a realización dun Exercicio entrevista para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada polo Tribunal.

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obligatorio e eliminitorio: consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cuadificado de apto e non apto, e terá carácter eliminitorio.

Será correxido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio ante do outorgamento de puntuacións finais e proposta do/a/s candidato/a/s.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún/ha dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do/a interesado/a, comunicándolle no mesmo día á autoridade que convocará o proceso selectivo.

Terceira.- Presentación de solicitudes

Poderan tomar parte na selección por concurso, as persoas interesadas que cumpran os requisitos sinalados nas presentes bases, que acreditarán o cumprimento de requisitos de participación mediante a documentación que acompañaran no prazo de **catro días hábiles** a contar dende a publicidade desta convocatoria e bases na páxina web do Concello de Boimorto e no Taboleiro de anuncios, rematando o prazo **o luns día 9 de maio ás 14:00 horas.**

Solicitaran a súa participación mediante instancia cuxo modelo se adxunta ás presentes bases no Anexo I e dirixida ao Sr. Alcalde, tendo que aportar fotocopia compulsada dos documentos xustificativos do cumprimento dos requisitos desta convocatoria.

Cada aspirante presentará instancia (Anexo I) dirixida o Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto dentro do prazo sinalado e na instancia faráse constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañando:

.- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.

.- Fotocopia cotexada do título/s ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases antes de que remate o prazo de presentación de instancias.

.- Fotocopia compulsada do carnet de conducir B1.

.- Fotocopia compulsada dos méritos alegados.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as insteresados/as aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

Os anuncios referidos á presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Cuarta.- Comisión Seleccionadora

Estará integrada polos seguintes membros:

-Presidente: O encargado de servizos do Concello de Boimorto, D. Manuel Vázquez García

-Suplente: O operario de servizos múltiples do concello de Curtis, D. Luis García Vázquez

Vogaís:

-1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Dna. Ana Mª Vallo Camba

-Suplente: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Dna. Mónica Seijas Rey

-2º vogal: O encargado de obras do Concello de Boimorto D. Luis González Guerra

-Suplente: O operario de servizos do Concello de Curtis, D. Francisco Aller Rodríguez.

-Secretaria: Rebeca Vázquez Vázquez Secretaria interventora do Concello de Boimorto.

Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

A Comisión poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

A Comisión queda facultada para resolver as dúbdas que se presente e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán abstenerse de formar parte destes cando concurran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizan tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da mencionada lei.

Quinta.- Proceso de selección concurso

- Sistema de selección: a selección realizarase polo sistema de concurso

Baremo de méritos para valorar o concurso

Puntuación total Concurso: 4 puntos

a)Por non ter experiencia profesional na administración pública en posto similar: 2 puntos. Os méritos deste apartado acreditaranse mediante informe de vida laboral de non poder obterse en tempo antes do remate de presentación de solicitudes acompañarase a solicitude de informe de vida laboral xunto con declaración xurada de non ter experiencia na administración en posto similar.

b)Formación (puntuación máxima 2 puntos)

b.1.- Curso de prevención de riscos laborais: 1 punto

b.2.- Cursos relacionados co posto de traballo: 0,50 cada un ata un máximo de 1 punto
Acreditación mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas.

No caso de empate, terán preferencia os/as aspirantes que non teñan experiencia profesional na administración pública en posto similar , de persistir o empate os que teñan maior puntuación no apartado de cursos e de manterse decidirse polos que teñan maior tempo de permanencia en desemprego no Servizo Público de emprego correspondente e, por último, en sorteo público.

Rematado o prazo de presentación de documentación a Alcaldía dictará decreto aprobando a lista provisional de admitidos/as que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, dita lista entenderase como definitiva de non existir excluídos no proceso selectivo.

Outorgarase un prazo de dez días hábiles para a corrección de instancias para os excluídos antes da aprobación da lista definitiva de ser o caso pola Alcaldía.

A avaliación de méritos aportados polos/as aspirantes será realizada pola Comisión seleccionadora convocada para o luns día 7 ás 9:00 horas, tralo peche do rexistro de entrada de non existir aspirantes excluidos/as (ou data posterior de darse esta circunstancia),

A puntuación total de quen participe, virá determinada pola suma dos puntos acadados no concurso.

Rematado e avaliado o concurso, a Comisión constituída ao efecto, formulará proposta de contratación ó Alcalde- Presidente en relación co/coa candidato/a con maior puntuación.

Elevarase a proposta ao Sr. Alcalde- Presidente co obxecto da súa aprobación por resolución e publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello.


Sexta.- Publicidade do proceso selectivo

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacóns a que dese lugar, realizaranse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello, e na páxina web sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/as aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, serán obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos personais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

Sétima.- Proposta de aprobado/a

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, a Comisión publicará no citado taboleiro de anuncios do Concello o nome do/a aspirante aprobado/a por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, a Comisión elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor dos/as aspirante/s que obtivera a puntuación total más alta (a Comisión cualificadora non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.



Na acta , incluirase unha relación dos/as aspirantes, por orde de puntuación,

Que no seu caso, non fora incluído na proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir alguma baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as.

A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais, será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada no Taboleiro de Anuncios do Concello

A orde de chamamento dos/as aspirantes da nova lista terá un carácter rotativo e non se volverá a chamar un/a traballador/a que acade 12 meses de vida laboral, coa finalidade de garantir o sistema rotativo e a igualdade de oportunidades para todos os alistados.

Oitava.- Presentación de documentos

O/a aspirante incluído/a na proposta de contratación da Comisión cualificadora presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de tres días hábiles (contado a partir do día seguinte a aquel en que foran requeridos para elo) os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentara a súa documentación ou non acreditará reunir os requisitos esixidos, non se poderá

proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que pudera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

Novena.- Formalización do contrato e período de proba

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do/a aspirante proposto/a pola Comisión Cualificadora, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización do contrato terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, o/a aspirante contratado/a deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

Décima.- Normas finais

Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a

desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./Dna.....,con DNI
número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación
en.....CP.....localidade.....
..telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección dunha peón/a para o Camiño de Santiago, como persoal laboral temporal por contrato de servizos de duración determinada

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

•Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

•Certificación médica ou declaración xurada que acredite poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas . Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.(antes da sinatura do contrato será necesario en todo caso certificación médica e no seu caso da Consellería da Xunta en relación con minusvalía)

•Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para oexercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral , no que houbase sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

•Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servicio das administracións públicas.

•.....

.....

-
.....
.....
- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

SEGUNDO.-Publicar no taboleiro de anuncios do Concello, na oficina de emprego así como na páxina web certificación deste acordo aos efectos oportunos.

Boimorto catro de maio de dous mil once
Perante min:
O alcalde A secretaria

Asdo.- D. José Ignacio Portos Vázquez Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente en BOIMORTO, a 5 de maio de 2011



Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez

